

# AS COPLAS DA AGRUPACIÓN CULTURAL AURIENSE

Moi benvidas todas  
novamente aos Maios  
contamos as novas  
fiquen abraiados

Fiquen abraiados  
que bailou o Almeida  
moito "flow" non tiña  
daba moita pena

Daba moita pena  
vaia un casorio  
casou pola igrexa  
non no consistorio

Non no consistorio  
coma aquí en Ourense  
quen irá casar  
co alcalde presente

Co alcalde presente,  
moito se lle escoita  
nunhas gravacións  
todo para a alforxa

Todo para a alforxa  
todo para as festas  
sempre a Panorama  
ren ás nosas letras

Ren ás nosas letras  
nin para Cultura  
non quere Galego  
non está á altura

Non está á altura  
coma o Conselleiro  
co tema dos pellets  
foi un trapalleiro

Foi un trapalleiro  
el disto ben sabe  
entra como entra  
a ver como sae

A ver como sae  
isto dos "busiños"  
se un vai pechado  
collen dous carriños

Collen dous carriños  
non coma nos viños  
que se pasar queres  
tes que ir aos brincos

Tes que ir aos brincos  
ánimate a vir  
festexemos xuntas  
sempre o mes de Abril

Sempre o mes de abril  
Revolta dos Cravos  
que fagan o mesmo  
os do Netanyahu

Os do Netanyahu  
andan a matar  
é un xenocidio  
que hai que denunciar

50 anos

25 de abril, sempre!

# AS COPLAS DA AGRUPACIÓN CULTURAL AURIENSE

Que hai que denunciar  
non fiques mirando  
sempre Palestina  
sempre apoiando

Sempre apoiando  
cada causa xusta  
combatamos xuntos  
a industria sucia

A industria sucia  
e contaminante  
Altri Celulosa  
non pode ir adiante

Non pode ir adiante  
non lle dean cartos  
seguen cos muíños  
tómánnos por parvos

Tómánnos por parvos  
non somos colonia  
Pobo ponte en pé  
isto é de vergoña

Isto é de vergoña  
señor presidente  
se ao País non sinte  
pois non se presente

Pois non se presente  
como o Feixóo fixo  
non foi presidente  
só porque non quixo

Só porque non quixo  
tampouco o Rubiales  
non vou dimitir  
vaites vaites vaites

Vaites vaites vaites  
pedazo machista  
non foi consentido  
iso salta á vista

Iso salta á vista  
sabémolo todas  
e até aquí chegaron  
estas nosas coplas

Estas nosas coplas  
son antifascistas  
levantade os cravos  
que viva a Galiza!

Que viva a Galiza  
e vivan os Maios  
somos as da Auriense  
deica outro ano

50 anos

25 de abril, sempre!